

O Institut de Cultura fai homenaxe a Sargadelos

Co gallo do 30 aniversario da abertura da librería [Sargadelos](#), o Colectivo para a Irmandade dos Pobos Catalán e Galego e mais o [Institut de Cultura de Barcelona](#) veñen de organizar unha homenaxe á cultura galega, que consta dun ciclo de conferencias de perspectiva histórica e persoal, representada pola figura de Isaac Díaz Pardo e mais Sargadelos.

- 21:16 10/10/2001

O pasado xoves 4 de outono inaugurou esta homenaxe o profesor Felipe Senén cunha conferencia histórica na que, baixo o título de *Sargadelos e as industrias da memoria de Galicia* explicou a fundación e mais a [historia](#) desta emblemática fábrica de cerámicas, louzas e formas artísticas de Cervo (Lugo), centrada sobre todo na figura lendaria do fundador Raimundo Ibáñez e do impulsor no século XX, Isaac Díaz Pardo.

A segunda foi o pasado martes 9 de outono e, baixo o título *A dinamización da vida cultural galega no exilio: Bos Aires*, o profesor Basilio Losada fixo unha valoración do papel do exilio na dinamización artística e cultural durante a longa noite de pedra galega, deténdose nas figuras de Luís Seoane e Díaz Pardo no Bos Aires dos anos 50.

Pecha esta homenaxe o relatorio do director e profesor catalán de teatro Ricard Salvat, *A aventura de Sargadelos*, no que de seguro poderemos escoitar o alegato dun intelectual deste lado da península sobre as percepcións que os cataláns teñen do pobo galego, e concretamente do caso de Sargadelos. Será o xoves 18 de outono no Palacio da Virreina ás 19.00h, na Rambla 99.